Atendido o anterior, a Concellería de Plans e Persoal fai a seguinte Proposta:

**Primeiro .- Adscribir definitivamente o persoal laboral , ao posto e código que se indican .**

NOME E APELIDOS	CODIGO	POSTO
Agustín Suárez Feal	05.00.00.01	Encargado de Obras e Servizos Básicos. Departamento de Obras e Servizos Básicos
Ramón Costa Fernández	05.01.00.01	Capataz. Departamento de Obras e Servizos Básicos-Unidade de Obras e Servizos
Manuel Díaz González	05.01.00 .02	Oficial de Primera. Departamento de Obras e Servizos Básicos-Unidade de Obras e Servizos
Santiago Filgueiras Montero	05.01.00.03	Oficial de Primera. Departamento de Obras e Servizos Básicos-Unidade de Obras e Servizos
Carlos Manuel Rivera López	05.01.00.06	Chofer vehículos Municipais- Responsable Protección Civil. Departamento de Obras e Servizos Básicos-Unidade de Obras e Servizos
Maria Concepción Arias Fuentes	05.02.00.01	Limpiadora. Departamento de Obras e Servizos Básicos-Unidade de Mantemento e Limpeza de Instalacions municipais
Maria José Diaz Fernández	05.02.00.02	Limpiadora. Departamento de Obras e Servizos Básicos-Unidade de Mantemento e Limpeza de Instalacions municipais
Maria Carmen Pita López	05.02.00.03	Limpiadora. Departamento de Obras e Servizos Básicos-Unidade de Mantemento e Limpeza de Instalacions municipais
José Carlos Pérez Manteiga	01.01.00.04	Conserxe subalterno. Unidade de conserxería



**Segundo.- Que as citadas adscricións terán efectos unha vez entre en vigor a RPT de conformidade có exposto no apartado Quinto do Acordo Plenario do Concello de Ares de data 8 de marzo de 2017**

Ares, 18 de agosto de 2017.

O CONCELLEIRO DE PLANS E PERSOAL

Aprobada definitivamente mediante Acordo Plenario de data 8 de marzo de 2017 a Relación de Postas de Traballo do Concello de Ares.

Publicada no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña nQ 62 de data 31 de marzo de 2017 o Acordo mencionado

Polo tanto unha vez definida a estrutura administrativa e de pastos mais axeitada para ao concello, é preciso organizar e adaptar á mesma aos recursos humanos cos que se dispón , distribuindo o persoal existente en relación á nova estrutura organizativa, procedendo así a adscribir ao persoal aos distintos postas incorporados na RPT, de tal xeito que se pidan identificar os ocupantes dos mesmos.

Atendido o anterior, a Concellaría de Plans e Persoal fai a seguinte Proposta:

**Primeiro.- Adscribir provisionalmente o persoal laboral, ao posto e código que se indican.**

NOME E APELIDOS	CÓDIGO	POSTO
Patricia Becerra Díaz	01.01.00.03	Auxiliar Administrativo. Unidade de Atención Público, Rexistro, Censo e Padrón
Javier Romero Martinez	01.04.00.01	Auxiliar Administrativo. Unidade de Urbanismo
Rocio Castro Pico	03.02.00.03	Auxiliar Administrativo. Departamento de Xestión
Oscar García Bello	05.01.00.04	Oficial Primera. Departamento de Obras e Servizos Básicos-Unidade de Obras e Servizos
Miguel Permut Vázquez	05.01.00.05	Oficial Primer a. Departamento de Obras e Servizos Básicos-Unidade de Obras e Servizos
Juan Antonio Sixto Cupeiro	05.03.00.01	Oficial Primera. Departamento de Obras e Servizos Básicos-Unidade de Abastecemento de Auga



Marcial Díaz González	05.03.00.02	Oficial Prim era. Departamento de Obras e Servizos Básicos-Unidade de Abastecemento de Auga
Manuel Novoa Conde	05.03.00.03	Administrativo Departamento de Obras e Servizos Básicos-Unidade de Abastecemento de Auga
Lucia Regueira Martinez	06.00.00.02	Educadora Social. Departamento de Servizos Sociais
Francisco Javier Freire Fernández	06.00.00.05	Auxiliar Administrativo. Departamento de Servizos
Javier Sánchez Romero	07.00.00.01	Director Técnico Deportivo. Departamento de Cultura, Educación, Deportes e Biblioteca
Ruben Ozores Omil	07.00.00.03	Auxiliar Administrativo Informática. Departamento de Cultura, Educación, Deportes e Biblioteca
Beatriz Martínez Ogando	07.00.00.04	Auxiliar Administrativo Ludoteca e Biblioteca. Departamento de Cultura, Educación, Deportes e Biblioteca
Margarita Piñeiro Cartelle	08.00.00.01	Auxiliar Administrativo Xulga do de Paz. Departamento de Xulga do de Paz.

**Segundo.-** Que as citadas adscricións terán efectos unha vez entre en vigor a RPT de conformidade có exposto no apartado Quinto do Acordo Plenario do Concello de Ares de data 8 de marzo de 2017.

Ares, 18 de agosto de 2017  
Asdo.- Luis Cendán Fernández

Sometida a votación as propostas da Concellería de Persoal e Plans “Adscripcións de Postos RPT” o Pleno do Concello por 7 votos a favor (5 PSdG-PSOE, 1 NAL, 1 SON de Ares), 6 en contra (3 PP e 3 BNG), e non habendo ningunha abstención, sometese novamente a votación co voto de calidade do Alcalde.

Sometida novamente a votación co voto de calidade do Alcalde, a “Adscripción de Postos RPT”, o Pleno do Concello por 7 votos a favor (5 PSdG-PSOE, 1 NAL, 1 SON de Ares), 3 en contra (3 PP, 3 BNG)), acorda prestarlle a súa aprobación.

**PUNTO NÚM. 5.- LINEAS FUNDAMENTAIS ORZAMENTO 2018.**-Dase conta da remisión á Secretaria Xeral de Financiación Autonómica e Local do Ministerio de Economía e Facenda, do informe relativo a Lineas Fundamentas do Orzamento de 2018.



O Concello Pleno dase por enterado.

**PUNTO NÚM. 6º.- FESTIVIDADES LOCAIS 2018.-**

Dase conta da proposta da Alcaldía do seguinte teor literal:

**"PROPOSTA DA ALCALDÍA:**

Visto o escrito da Consellería de Economía Emprego e Industria "Servicio Traballo e Economía Social" Xefatura Territorial da Coruña" de data 9 de setembro de 2017, polo que se interesa a designación de Festividades de Carácter Local, con vistas á elaboración do Calendario Laboral do ano 2018.

Visto-los preceptos de xeral aplicación, en especial a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réximen Local, o Real Decreto Lexislativo 7814/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais en materia de Réxime Local, o Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e a Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

Visto o dictame favorable da Comisión de Cultura, Deportes Educación e Patrimonio celebrada o día 19 de setembro de 2017.

**Propónese o Concello Pleno a adopción do Seguinte acordo:**

**Designar como Festas Locais de carácter retribuído e non recuperable deste Concello para o vindeiro ano 2018 os seguintes días:**

**DIA 14 DE FEBREIRO DE 2018 (MERCORES DE CINZA).**

**DIA 22 DE MAIO DE 2018 (VOTO DE CHANTEIRO)."**

Sometido o asunto a votación o Pleno do Concello por unanimidade acorda prestar súa aprobación a proposta da Alcaldía anteriormente transcrita e en consecuencia, designar como Festas de Carácter Local para o vindeiro ano 2018 os seguintes días:

**DIA 14 DE FEBREIRO DE 2018 (MERCORES DE CINZA).**

**DIA 22 DE MAIO DE 2018 (VOTO DE CHANTEIRO).**

**PUNTO NÚM. 7º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 5/2017.**

Dase conta da proposta da Alcaldía de data 16 de setembro de 2017, que seguidamente se transcribe:

**"PROPOSTA:**



Sendo necesario efectuar transferencias entre os créditos das partidas de gastos do vixente presupuesto referentes a altas e baixas de créditos entre partidas con diferente grupo de función, o que supón a provisión de crédito suficiente para cubrillas necesidades para o vixente exercicio económico, de conformidade co disposto no artigo 179 do R.D.L.2/2004, do 5 de marzo , e Base 9<sup>a</sup> de execución do presupuesto, esta Alcaldía propón a iniciación do expediente de transferencias de créditos, expediente 2017/5, nas partidas de gastos que a continuación se detallan:

**A) AUMENTOS NAS APLICACIÓNES ORZAMENTARIAS:**

APLIC. ORZAM. ALTA	DENOMINACIÓN		IMPORTE ALTA
171.210.00	Parques e xardins.		<b>15.539,72</b>
4412.221.03	Combustibles e carburantes		<b>6.595,39</b>
341.610.00	Inversións en Terreos		<b>8.000,00</b>
432.226.99	Outros traballos realizados		<b>3.000,00</b>
		<b>TOTAL</b>	<b>33.135,11</b>

**B) DISMINUCIÓN NAS APLICACIÓNES ORZAMENTARIAS:**

APLIC. ORZAM. BAIXA	DENOMINACIÓN	CREDITO DISPON.	IMPORTE BAIXA
453.60001	Expropiaciones. Comp. Terreos		<b>33.135,11</b>
		<b>TOTAL</b>	<b>33.135,11</b>

Seguidamente dase conta do informe de Secretaria, que seguidamente se transcribe:

**"INFORME DE SECRETARÍA****Asunto : Expediente de Modificación de créditos Nº. 5/2017 "transferencias de créditos"**

De acordo co ordenado pola Alcaldía, e en cumprimento do establecido no artigo 3.a) do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, emito o seguinte:

**INFORME**

**PRIMEIRO.** Transferencia de crédito é aquela modificación do Orzamento de gastos mediante a que, sen alterar a contía total do mesmo, impútase o importe total ou parcial dun crédito a outras aplicacións orzamentarias con diferente vinculación xurídica.

**SEGUNDO.** A Lexislación aplicable vén determinada por:



- Os artigos 3, 4, 11, 12, 13, 21 e 23 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
  - Os artigos 179 e 180 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
  - O artigo 16 do Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro.
  - Artigo 42, 173 e 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.
  - Artigo 21.1.f) e 22.2.a), e) e 113 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
  - Os artigos 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos.
  - O Regulamento (UE) Núm. 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC-10).
  - A Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das entidades locais.
  - A Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
  - O artigo 28.j) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo governo.
- Base 8<sup>a</sup> das Bases de Execución do Orzamento para o exercizo 2017  
"Transferencias de crédito"



**TERCEIRO.** As Entidades Locais regularán nas bases de execución do Orzamento o réxime de transferencias establecendo, en cada caso, o órgano competente para autorizalas. Segundo o artigo 179.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 40.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I, do Título VI, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, en materia de Orzamentos, a aprobación das transferencias de crédito entre distintos grupos de función corresponderá ao Pleno da corporación salvo cando as baixas e as altas afecten a créditos de persoal.

**CUARTO.** Así mesmo, de acordo co artigo 179.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, si as modificacóns orzamentarias fosen aprobadas polo Pleno, seguirán as normas sobre información, reclamacións, recursos e publicidade a que se refiren os artigos 169, 170 e 171 de devandito texto legal.

**QUINTO.** Á súa vez débese ter en conta que, segundo o artigo 16 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, antes do último día do mes seguinte á finalización de cada trimestre do ano débese remitir a información actualizada dos orzamentos en execución, incorporadas as modificacóns orzamentarias xa tramitadas e/ou as previstas tramitar até final de ano, e das previsións de ingresos e gastos das entidades suxeitas ao Plan xeral de Contabilidade de Empresas ou ás súas adaptacións sectoriais, e os seus estados complementarios.

**SEXTO.** O expediente que se propón para a súa aprobación versa sobre unha modificación do Orzamento vixente, mediante transferencia de créditos entre aplicacións do Orzamento de gastos con distinta área de gasto que non afectan a baixas e altas entre créditos de persoal, por un **importe total de 33.135,11 euros.**

Segundo o establecido no artigo 40.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, a transferencia de créditos é aquela modificación do Orzamento de gastos mediante a que, sen alterar a contía total do mesmo, impútase o importe total ou



parcial dun crédito a outras partidas orzamentarias con diferente vinculación xurídica.

Os gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte, para os que o crédito existente é insuficiente e non ampliable no Orzamento vixente, son os seguintes:

Parques e xardins..... 15.539,72 euros.

Combustibles e carburantes..... 6.595,39 euros.

Inversión en Terreos..... 8.000,00 euros.

Outros traballos realizados..... 3.000,00 euros

**SÉTIMO.- FINANCIAMENTO.** Esta modificación do Orzamento Municipal non altera a contía total do mesmo, impútase o importe total ou parcial dun crédito a outra área de gasto, e por elo neste caso, non resulta necesario realizar informe avaliando a Estabilidade Orzamentaria con motivo da devandita modificación orzamentaria, xa que a mesma non altera a contía do Orzamento, nin a regla de gasto ao tratarse de gastos non financieros, non detraendo recursos dos capítulo VIII, IX e X.

Disminuese a partida 453.61001 "Expropiacións. Comp. Terreos" por importe de 33.135,11€.

**OCTAVO.** As transferencias de créditos de calquera clase, en virtude do establecido no artigo 180.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e no artigo 41 do Real Decreto 500/1990, polo que se desenvolve o Capítulo I, do Título VI, da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, estarán suxeitas ás seguintes limitacións:

— Non afectarán os créditos ampliables nin aos extraordinarios concedidos durante o exercicio.

— Non poderán minorarse os créditos que sexan incrementados con suplementos ou transferencias, salvo cando afecten a créditos de persoal, nin os



créditos incorporados como consecuencia de remanentes non comprometidos procedentes de orzamentos pechados.

— Non incrementarán créditos que como consecuencia doutras transferencias sexan obxecto de minoración, salvo cando afecten a créditos de persoal.

As anteriores limitacións non afectarán as transferencias de crédito que se refiran aos programas de imprevistos e funcións non clasificadas nin serán de aplicación cando se trate de créditos modificados como consecuencia de reorganizacións administrativas aprobadas polo Pleno.

É por iso que, en atención ao exposto anteriormente e comprobado o cumprimento dos artigos 180.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 41.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I, do Título VI, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, en materia de Orzamentos, o expediente infórmase favorablemente.

#### **NOVENO** O procedemento a seguir será o seguinte:

**A.** Ante a existencia de gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte polos seguintes motivos : Sendo necesario atender os gastos para os que o crédito consignado no vixente Orzamento da Corporación é insuficiente e non ampliable, instouse mediante providencia de Alcaldía a iniciación dun expediente de modificación de créditos baixo a modalidade de transferencia de créditos.

**B.** A tenor do disposto nos artigos 179.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e 42.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I, do Título VI, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, en materia de Orzamentos, estas modificacións, en canto sexan aprobadas polo Pleno, seguirán as normas sobre información, reclamacións, recursos e publicidade a que se refiren os artigos 169, 170 e 171 do referido Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.



Por tanto, aprobado inicialmente o expediente, exporase ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións conforme ao disposto no artigo 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

**C.** A estos efectos, e de conformidade co artigo 170.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, terán a consideración de interesados:

- Os habitantes no territorio da respectiva Entidade Local.
- Os que resulten directamente afectados áínda que non habiten no territorio da Entidade Local.
- Os Colexios Oficiais, Cámaras Oficiais, Sindicatos, Asociacións e demais Entidades legalmente constituídas para velar por intereses profesionais ou económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lles son propios.

O mesmo artigo 170, no seu parágrafo 2º, determina que unicamente poderán interporse reclamacións contra o Orzamento polas seguintes causas:

- Por non haberse axustado a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos nesta Lei.
- Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigacións exixibles á Entidade Local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.
- Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzados ou ben destes respecto das necesidades.

O expediente considerarase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

**D.** Transcorrido o prazo de presentación de reclamacións sen que estas presentáronse ou aprobado definitivamente polo Pleno do Concello, devandito



expediente será publicado, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o 169.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**E.** O artigo 169.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais esixe que do expediente de modificación de Orzamento, unha vez definitivamente aprobado, remítase copia á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

**F.** Segundo o establecido no artigo 169.7 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, deberá acharse a disposición do público, a efectos informativos, copia de cada unha das modificacíons desde a súa aprobación definitiva até a finalización do exercicio.

**G.** Contra a súa aprobación, en virtude do disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 43 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 113.3 da Lei 7/1985, a interposición de devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado."

Sometese a votación a aprobación do Expediente de Modificación de Créditos núm. 5/2017, co seguinte resultado 6 votos a favor (4 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL e 1 de SON DE ARES), e 6 votos en contra (3 do PP e 3 do BNG).

Á vista do empate sometese novamente a votación con idéntico resultado, polo que o Sr. Alcalde Presidente co seu voto de calidade acorda prestarlle aprobación, e en consecuencia adoptar o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 5/2017, por Transferencia de Créditos.

**2º.-** Someter o expediente a información pública mediante publicación de edicto no B.O.P. da Provincia polo espacio de 15 días, durante os cales os interesados poderán examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que estimen convintes, significándose que caso de ausencia de reclamacións o acordo inicial elevaráse automáticamente a definitivo.



## CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ORGANOS DE GOBERNO.-

### PUNTO NÚM. 8.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNNS DICTADAS POLA ALCALDÍA.

De conformidad eco previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía Presidencia proceder a dar conta das Resoluciónns adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos, de control e fiscalización dos órganos de previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril

O Concello Pleno dase por enterado.

### PUNTO NÚM. 9º.- MOCIÓNNS E PROPOSTAS.

#### a) Moción do BNG “Santa Catalina”.

Dase conta da Moción presentada polo Grupo Municipal do BNG, do seguinte teor literal:

“O Grupo Municipal do BNG no Concello de Ares, mediante a presente e como mellor proceda, presenta a seguinte MOCION para o seu debate plenario, ao respecto do CONVENIO DO CONVENTO DE STA. CATALINA

#### **Exposición de Motivos**

No vindeiro mes de Outubro remata a vixencia do acordo asinado hai agora catro anos entre o alcalde de Ares e o Ministerio de Defensa no que se estipulaban as condicións que reixerán a denominada autorización demanial durante catro anos a favor do Concello de Ares sobre as propiedades do Mosteiro de Santa Catarina de Montefaro e das baterías de costa situadas nas penínsulas do Segao e Coitelada; incluídos os camiños e pistas de propiedade militar situados no término municipal de Ares.

Tal e como temos comentado no seu momento desde o BNG, enténdemos que as devanditas condicións resultan claramente lesivas para a institución municipal, na medida en que o Ministerio de Defensa mantén a titularidade das instalación e o direito sobre as obras que se poden executar nas mesmas, facendo recaer na institución municipal os compromisos de mantemento das instalación, nomeadamente os que se derivan da aplicación provisional do réxime de protección previsto para os bens de interese cultural. Sobre o particular, suliñamos o recollido na Condicións Segunda do antedito documento:

Segunda: El ministerio de Defensa autoriza al Ayuntamiento de Ares el uso de las propiedades anteriormente descritas, manteniendo en todo caso la plena titularidad de las mismas y, sin que las actuaciones que se realicen sobre las mismas supongan carga, gravamen o limitación alguna para este Departamento.

Dichas propiedades no podrán ser gestionadas por personas físicas o jurídicas distintas del propio Ayuntamiento así como tampoco podrán ser objeto de cesión, total o parcial, o arrendamiento.



Asimesmo, na condición terceira fíxanse con claridade os usos aos que obligatoriamente haberán de ser destinadas as instalación do Mosteiro de Santa Catalina, a saber:

Tercera: El ayuntamiento de Ares se compromete a dar la propiedad Monasterio de Santa Catalina un uso acorde con el carácter histórico del mismo haciéndose cargo del cumplimiento de cuantas medidas vengan impuestas por la aplicación provisional del régimen de protección previsto para los bienes de interés cultural y aquéllas que una vez declarado, en su caso, bien cultural corresponda llevar a cabo al titular de la propiedad.

En relación a las baterías de costa y terrenos circundantes en las penínsulas de Segaña y Coitelada, también objeto de esta autorización, el Ayuntamiento de Ares se compromete a darles un uso acorde con el medio donde se localizan y las propias características de estos inmuebles.

En concreto, en las propiedades objeto de esta autorización el Ayuntamiento de Ares podrá localizar Escuelas-Taller o entes análogos que puedan colaborar en alguna medida en la rehabilitación parcial de las instalaciones, y en evitar su pérdida o deterioro.

Las obras de reparación y acondicionamiento que se realicen en los inmuebles objeto de cesión serán adquiridos gratuitamente por el Ministerio de Defensa al término de la autorización.

A maior abondamento, as Condicións Cuarta e Quinta delimitan más claramente as responsabilidades no tocante ao mantemento das instalación –atribuido exclusivamente á institución municipal, como dixemos –además do referente aos condiconantes para a realización de obra nova:

Cuarta: Los desperfectos o daños que puedan ocasionarse, incluídos los casos de incendio, destrucción etc., tanto a las propiedades militares como a terceros, en cualquiera de sus bienes o derechos, que traigan causa del uso que se haga o que se deriven de la autorización que se otorga, serán responsabilidad del Ayuntamiento de Ares, quedando exento el Ministerio de Defensa de toda responsabilidad por tal motivo.

En su caso, el autorizado asume la responsabilidad laboral del personal que pueda desarrollar su trabajo en las propiedades, que en ningún momento guardará relación alguna con este departamento.

Quinta: El ayuntamiento de Ares asúme los gastos de conservación y mantenimiento, impuestos, tasas y demás tributos, incluido el I.B.I. que pudiera corresponder, y se obliga a realizar, por su cuenta, las obras necesarias para destinar los inmuebles objeto de esta autorización a los fines previstos. En ningún caso, podría efectuar en la superficie autorizada construcción alguna, nuevas edificaciones y obras de cualquier tipo, ni instalar elementos prefabricados, sin la preceptiva autorización, solicitada previamente y de modo razonado, en cuyo caso, de producirse tal autorización, las obras o mejoras introducidas



quedarán de la propiedad del Estado, sin derecho a indemnización, finalizada la autorización objeto de este documento.

Finalmente, a condición octava fixa tanto a duración da autorización; ao marxe de concretar o escenario contemplado para o destino definitivo das instalación; que pasaría por un acordo inter-administrativo para a xestión coordinada:

Octava: La presenta concesión tendrá una duración de 4 años desde la fecha de la Resolución de otorgamiento y no podrá ser prorrogada, de conformidad con el artículo 92.3 de la Ley de Patrimonio de Administraciones Públicas.

Como dixemos, o BNG tiña insistido xa na sinatura do acordo do 2008 sobre a necesidade de frear a situación de abandono e progresiva degradación das instalación; como resultado do reiterado incumprimento por parte do anterior goberno municipal dos acordos fixados na cesión de uso feita con anterioridade. Hai que lembrar aquí que no ano 2008 o BNG tiña insistido na necesidade de frear a situación de abandono e progresiva degradación das instalacións; que levaran á revocación do devandito acordo por parte do Ministerio de Defensa e que non só viña a dar a razón as reiteradas denuncias da nosa organización, senón que abría unha nova perspectiva para o futuro das instalación.

Perspectiva que pasaba, en primeiro lugar, pola elaboración dun Plan Director no que, logo de analizar do punto de vista histórico-artístico e arquitectónico as instalación, se fixasen as propostas de actuación para a rehabilitación e posta en valor das mesmas. E nesa liña, o traballo levado a cabo desde o BNG levou a un compromiso da anterior Consellería de Cultura para elaborar o devandito documento –cun orzamento de 60.000 euros que, finalmente, fora presentado públicamente o 18 de Novembro de 2008; ao par que un compromiso do departamento da Xunta en acometer un investimento de 1 millón de euros en intervencións que se consideraban de urxencia.

Loxicamente, este tipo de intervencións pasarían pola urgente definición dun acordo inter-administrativo (sinalado xá no documento de Condicóns do Ministerio de Defensa) que ben podería ser un consorcio ou figura similar; onde participasen, cando menos, o propio Concello, o Ministerio de Defensa (como propietario das instalación) o Ministerio de Cultura e a Consellería de Cultura; con obxectivos moi claros: definir o plan de usos das instalación e concretar os compromisos económicos para poder lévalo a cabo.

Nembargantes, cando teñen pasados mías de nove anos da presentación do Plan Director e, ainda reconecendo o positivo de algunas intervencións que están a realizarse no mantemento das instalación, entendemos que quedan por solventar importantes cuestións de fondo.

En primeiro lugar e, valorando os primeiros investimentos que se están a facer desde a administración galega, entendemos que non son suficientes e, sobre todo, non fican explicitados nun Plano Director no que fiquen claramente as obras a executar, os prazos e os compromisos da administración.



Tocante ao investimento do gobernó do Estado, falouse do 1% cultural do Ministerio de Fomento, máis nunca chegou a concretarse. Unha falta de implicación, en todo caso, que resulta más paroxusal no caso do Ministerio de Defensa, que obriga á institución municipal a facerse cargo do mantemento e das obras das instalacións, mentres que él non inviste nas mesmas nem un só euro; pero pode recuperállas no momento que deseñe, en direito a indemnización algúns para o concello, tal e como figura na Condición Décima:

**Decima:** El Ayuntamiento de Ares acepta la revocación unilateral de la autorización, sin derecho a indemnización, por parte del Ministerio de Defensa por razones de interés público, cuando se produzcan daños en el dominio público, no se cumplan las condiciones de la presente autorización o existan razones de interés para la Defensa Nacional que así lo aconsejen.

Asimismo dará lugar a la revocación de la presente autorización el acuerdo alcanzado con otras administraciones para la gestión compartida de la propiedad mediante la constitución de consorcio o figura análoga.

E finalmente, o papel da institución municipal. Sería inxusto e falto de rigor non recoñecer un cambio na atención da institución municipal ás instalacións, e na realización dalgúnsas obras de mantemento; facendo un importante investimento nos orzamentos municipais – que mesmo desde o BNG saudamos positivamente – e evidenciando un compromiso práctico pola contribución á posta en valor das instalacións. Pero a ese recoñecemento habería que exixirlle a contrapartida da creación do órgano inter-administrativo (consorcio) cos compromisos correspondentes das outras administracións; xa que do contrario está a producirse unha situación claramente lesiva para os intereses municipais, que mesmo estaría a financiar cos seus orzamentos obras doutras institucións, neste caso dun organismo do Estado.

Tamén neste apartado, cumpre ser críticos coa política continuista que o gobernó municipal práctica no tocante á utilización das instalacións por parte de particulares mesmo coa xeración de actividades económicas en beneficio destes –sen que se tivese producido un proceso mínimamente transparente de concesión dos servizos que están a prestarse partindo dos criterios de publicidade e libre concurrencia de interesadas/os. Todo iso, por suposto, ao marxe da interpretación de unha concesión dese tipo estaría conforme ao estipulado nas Condicións das que temos falado, nomeadamente na Segunda e Terceira.

Todo o comentado leva, lóxicamente, a corrixir as eivas que temos suliñado, ao tempo que concretar definitivamente os mecanismos e compromisos que figuran nos diversos documentos e, nomeadamente, nas derivadas do Plan Director elaborado no ano 2008.

**Nese sentido, o Grupo Municipal do BNG propón ao pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:**

**1.- De cara á posibel sinatura dun novo acordo co Ministerio de Defensa, o Concello de Ares defenderá a revisión das condicións Segunda, Terceira, Cuarta, Quinta e Décima do**



documento asinado hai agora catro anos; evitando a posibilidade de que o Ministerio de Defensa poida "recuperar" as instalacions que foron reparados co investimentos de outras administracións.

2.- O Concello de Ares urxirá a convocatoria urgente ás administracións implicadas (Ministerio de Defensa, Ministerio de Cultura, Consellaría de Cultura da Xunta.....) ao obxecto de definir a fórmula de órgano inter-administrativo que haberá de definir o Plan de Usos para as instalación do Mosteiro de Montefaro.

3.- Dentro do devandito Plan de Usos, ao marxe de figurar dun xeito programado e priorizado as obras de desenvolver para poñer en valor as instalación, haberán de ir concretándose a relación de investimentos plurianuais a facer por parte de todas e cada unha das institucións implicadas.

4.- Con carácter transitorio, e mentras non se concreten os usos definitivos das instalación e os respectivos mecanismos de xestión das mesmas; o Concello regulará os usos parciais das instalación ou, se fose o caso, a concesión de determinados servizos prestados nas instalacións, sempre baixo as premisas de publicidade e libre concurrencia.

Sometida a votación a Moción o Pleno do Concello por 3 votos a favor do Grupo Municipal do BNG, 6 votos en contra (4 PSdeG- PSOE, 1 NAL e 1 SON DE ARES), E 3 Abstencións do Grupo Municipal do PP, acorda rechazar a presente Moción.

b) **Moción BNG "PAZO DE MEIRAS E OUTRAS PERTENZAS FAMILIA FRANCO"**

Dase conta da Moción do Grupo Municipal do BNG que seguidamente se transcribe:

"O Grupo Municipal do BNG no Concello de Ares, mediante a presente e como mellor proceda, presenta a seguinte MOCION para o seu debate plenario, ao respecto do PAZO DE MEIRAS e outras pertenzas da Familia Franco

**Exposición de motivos**

O anuncio da decisión de que a Fundación Franco xestione as visitas do Pazo de Meirás constiúe unha provocación, unha ofensa e falta de respecto tanto ás vítimas da Ditadura como a Galiza no seu conxunto, e un escandaloso exemplo da impunidade con que se move quen fai apoloxyía do terrorismo fascista.

Resulta insultante e vengonzoso que un espazo que é produto dun espolio sexa aínda propiedade da familia Franco. E resulta aínda más indignante que a Fundación que leva o seu nome o utilice para contar unha versión absolutamente manipulada da historia e para facer apoloxyía da Ditadura e do ditador.

Estes feitos suponen a constatación –por se non estaba suficientemente claro da permanencia do franquismo nun réxime que se di democrático. E son posíbeis pola incapacidade do sistema político español para acabar coa vergonza que supón que a familia Franco sexa aínda dona de



propiedades que son produto dun roubo, que faga negocio con elas e que convirta nun parque temática de exaltación dun réxime totalitario que exterminou a miles de homes e mulleres por motivos políticos. Sería admisíbel que en Alemaña ou en Italia existisen palacios e fundacións dedicados a exaltar a memoria de Hitler ou Mussolini?.

Esta situación escandalosa e indignante é posíbel pola complicidade e a permisividade das institucións do Estado e da Xunta de Galiza, que consisten, amparan e protexen a illa de impunidade e o parque temático franquista en que se convertiu o Pazo de Meirás.

En días pasados, facíanse públicos os documentos que acreditan que as estatuas de Abraham e Isaac do escultor Mestre Mateo e que están en mans da familia Franco, son de propiedade municipal e pertencen ao concistorio compostelán. Non existindo ningún documento que acredite cesión ou similar por parte do Concello de Santiago, que as adquiriu en 1948 por unha cantidade de 60.000 pesetas.

Por outra parte, cómpre ter en conta que o espolio de Meirás contou coa participación activa e decisiva de Deputacións e Concellos galegos. No caso concreto de Ares, puidemos constatar no arquivo municipal información ao respecto, como o caso dunha factura onde o Concello paga a impresión de 1000 recibos polo concepto “recibos Pazo Caudillo” (30 de Setembro do 1938).

Polo tanto, estas administración teñen responsabilidade e o deber de sumarse ás iniciativas que procuran poñer fin a esta situación.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

#### **ACORDOS:**

**1.- Adherirse á proposta aprobada polo Pleno da Corporación municipal de Sada instanto tamén a Xunta de Galiza para que sexa este Concello o encargado das visitas guiadas ao Pazo de Meirás, como garantía de que as persoas visitantes do BIC reciben unha información veraz sobre a historia deste espazo histórico.**

**2.- Facer unha condena pública das declaracións da Fundación Franco nas que expresaba a súa intención de usar as visitas guiadas ao Pazo para facer apoloxya da Ditadura e do Ditador. Instar ao goberno do Estado a facer as modificacións legais precisas para a ilegalización da Fundación Franco.**

**3.- Adherirse e apoiar a iniciativa da “Xunta Pro da Devolución do Pazo de Meirás”, da que forman parte como entidades promotoras a Deputación da Coruña, os Concellos de Sada e a Coruña, a Universidade da Coruña, a Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña e a Iniciativa Galega pola Memoria.**

**4.- Reclamar a devolución de todas outras pertenzas roubadas ou expoliadas ao patrimonio galego pola familia Franco (estatuas de Abraham e Isaac, etc.).**

**5.- Declarar á familia do Ditador e a Fundación Franco non gratas no Concello de Ares.**

**6.- Instar á Xunta de Galicia á elaboración dunha Lei galega de memoria histórica na que se prohíban, persigan e sancionen os actos de exaltación do franquismo e as entidades que os promovan.”**

Sometida a votación a Moción do BNG o Pleno do Concello por 5 votos a favor (3 BNG, 1 SON DE ARES, 1 NAL), e 7 votos en contra (4 PSdeG-PSOE, 3 PP), acorda rechaza-la Moción do BNG.

**c) Declaración Institucional sobre “ADHESIÓN A XUNTA PRO DEVOLUCIÓN DO PAZO DE MEIRAS E APOIO AO MANIFESTO DESTA PLATAFORMA CÍVICA”.**

Dase conta da Delcaración Institución sobre “Adhesión a Xunta Pro Devolución do Pazo de Meirás e apoio ao Manifesto desta Plataforma Cívica”.

**Exposición de Motivos:**

O 18 de xullo de 1936 producíase unha sublevación militar e fascista conta o goberno democrático e lexítimo da República. Aquí, en Galicia, non houbo guerra civil, senón un auténtico xenocidio, comenzando a “era do terror, os encadenamentos inxustificados, os fusilamentos sen formación de causa, as matanzas en masa” como publicaba Maruja Mallo en agosto de 1938 nas súas crónicas desde o exilio relato veraz da realidade de Galicia.

A Junta por Pazo del Caudillo foi unha iniciativa tomada en marzo de 1938 e da que formarían parte o gobernador Civil da Coruña, Deputación, alcaldes da provincia, significados empresarios, dirixentes franquistas e representantes da banca, Cámara de Comercio e empresas de comunicación. Con esta doazón –entregada a Franco, como Xefe do Estado, o 5 de decembro de 1938- pretendían conseguir os favores de Franco, aproveitando as súas estadías estivais no pazo de Meirás.

A adquisición do pazo de Meirás aos herdeiros da Condesa de Pardo Bazán e a propiedade doutros elementos patrimoniais foi un roubo e un espolio continuado, que se disfrazou, fraudulentamente, como unha doazón e compra-venda. Os métodos utilizados foron diversos: descontó do salario de funcionariado e persoas traballador (as coaccións eran tan extremas que algúns alcaldes ditaban bandos advertindo da formación de listaxes negras con aquelas persoas que se negasen a pagar esa “doazón voluntaria”); achegas dos concellos; ampliación da propiedade que pasa de 5,7 a 9 hectáreas de terras limítrofes, conducindo os propietarios perante notario pola forza en camións militares para asinar unha compra-venda a 2 pesetas o metro cadrado, que nunca cobrarían; desviación irregular de fondos e recursos públicos ao pazo etc.

Podemos falar dun espolio de Moitos espolios dentro do mezo pazo de Meirás hai pezas arqueolóxicas de importante valor como cruceiros, fontes, balaústres ou escudos traídos doutros lugares ou de pazos galegos. Así, por exemplo, o Pazo de Bendaña (Dodro) foi practicamente destmantelado para instalar na residencia de verán dos Franco elementos como



gravados, figuras de capela e as propias pedras. O párroco do Mosteiro de Moraime (Muxía) denunciaba a desaparición, por orde da esposa de Franco, de duas pezas de granito, unha delas utilizada como pía bautismal. Tamén acabaron no pazo de Meirás dúas esculturas do Pórtico da Gloria da catedral de Santiago etc.

Despois da morte do ditador, o 20 de novembro de 1975, a familia Franco recibiu un trato privilexiado, cousa insólita nun país democrático. A viúva recibía unha paga anual superior ao salario do presidente do Goberno. A familia vendue propiedades doadas a Franco como Xefe do Estado, tivo todo tipo de facilidades para especular con fincas e casas e hoxe teñen unha fortuna de máis de 600 millóns de euros. Poucos días despois de morrer o ditador, o rei Juan Carlos concedía os títulos de Señoría de Meirás e Ducado de Franco, que ainda conservan.

Manter hoxe todas esas propiedades nas máns da familia Franco e esas distincións, é unha ofensa ás vítimas do franquismo e a toda a cidadanía. Que este espolio continuado se manteña despois de corenta anos de democracia e unha vergoña de Estado. Sería admisibel que en Alemaña ou Italia os herdeiros dos ditadores e criminais detentasen hoxe propiedades conseguidas durante o réxime de terror? Sería posible a existencia de Fundacións dedicadas a exaltar a memoria de Hitler ou Mussolini?.

Cómpre defender a devolución do pazo de Meirás ao patrimonio público a través dunha fronte ampla e unitaria, que agrupe a institucións, entidades e sociedade civil. Cómpre reparar a honra e dignidade das vítimas do franquismo e das persoas que foron roubadas e forzadas a ceder diñeiro e propiedade baixo amenazas e utilizando a violencia máis extrema.

Por todos estes motivos, os grupo de Goberno Municipal presentan a consideración do Pleno a Declaración Institucional e adopción do seguinte acordo:

- A. Aprobar a incorporación do Concello de Ares á Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás.
- B. Apoiar o seguinte manifestó da Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás:
  - 1.- Facemos un chamamento a institucións, asociación, organización políticas, sociais, sindicais, fundacións, etc. Para que aproben a súa incorporación a esta Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás.
  - 2.- Despois de que a familia do ditador Franco encargase á chamada Fundación Nacional Francisco Franco (FNFF) a xestión das visitas ao pazo de Meirás e que a FNFF declarase que “es una excelente oportunidad para mostrar al gran público la grandeza de la figura de Francisco Franco”, condenamos as declaración da citada Fundación, que son unha apoio á franquismo e manifestamos o apoio á memoria das vítimas do franquismo.
  - 3.- Rexeitamos a xestión por parte da FNFF do programa de visitas ao Ben de Interese Cultural BIC Pazo de Meirás e apoiamos a demanda do Concello de Sada de que sexa esta administración quen as xestione.



4.- Instamos á Xunta de Galicia a que esixa que se compra o réxime de visitas ao BIC, segundo o disposto na Lei de Patrimonio Cultural de Galicia, con independencia d resolución dos expedientes polos incumplimentos reiterados xa incoados coa imposición da máxima sanción prevista na Lei para ditas infraccións.

5.- Instamos as Cortes, Grupos Parlamentarios e goberno do Estado para que tomen as iniciativas lexislativas conducentes á modificación da vixente Lei 50/2002, de Fundacións, co obxecto de amparar a declaración como ilegais daquelas que, como a FNFF, teñan por obxecto a homenaxe á vida e obra criminais do ditador.

6.- Apoiamos a realización dun estudio arredor do espolio e a apropiación do Pazo de Meirás por parte da familia Franco e sobre os pasos concretos a dar para lograr a súa devolución e incorporación ao patrimonio público. Demandanos, así mesmo, da Xunta de Galicia e goberno do Estado o apoio institucional a todas as iniciativas para conseguir ese obxectivo.

7.- Reclamamos a aprobación dunha Lei Galega de Memoria Historica que, entre outros obxectivos impida o enxalzamento dos protagonistas da represión e inclúa as correspondentes disposicións relativas ao Pazo de Meirás e a súa posta en valor asociado á recuperación da memoria histórica.

8.- Pedimos ás distintas institucións e concellos que presenten iniciativas ou mociones de apoio a este manifesto.”

Sometida a votación a Declaración Institucional o Pleno do Concello por 9 votos a favor ( 4 PSdeG-PSOE, 3 PP, 1 NAL e 1 SON DE ARES) e 3 Abstencións do Grupo Municipal do Partido Popular, acorda prestarlle a súa aprobación á Declaración Institucional.

O Grupo Municipal do PP, pola vía de urxencia somete a consideración do Concello Pleno a seguinte Moción:

“O Grupo Popular do Concello de Ares, conforme ao previsto no Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, ante o debate suscitado pola recuperación do Pazo de Meirás, no concello coruñés de Sada, e co obxecto de que o Concello de Ares poida expresar de forma únanime o seu propio posicionamento sobre o particular, preséntalle ao Pleno do Concello a seguinte MOCIÓN:

**SOBRE A RECUPERACIÓN DO PAZO DE MEIRAS**

**PARA O PATRIMONIO PÚBLICO DE GALICIA.**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.**

As Torres de Meirás, tamén coñecidas como o Pazo de Meirás, foron transmitidas gratuitamente en 1938 ao dictador Francisco Franco, quen as aceptou en plena Guerra Civil, como “regalo” e para converterlas na súa residencia de verán.



Contradicindo á propaganda oficial da época, a historiografía contemporánea ten atopado documentos que indican que a cesión de recursos e propiedades non foi o resultado da acción voluntaria da ciudadanía da Coruña e da súa provincia, senón da presión de falanxistas e autoridades franquistas no contexto social daquela época.

Como resultado da forma xurídica de negocio privado e entre particulares coa que se materializou a adquisición por parte de Francisco Franco, na actualidade a propiedade permanece no patrimonio dos seus herdeiros.

Sen embargo, debido ao valor histórico e cultural das Torres de Meirás, ao seu elevado carácter simbólico, ao incumprimento da normativa de acceso aos BIC, as circunstancias que fixeron posible a súa adquisición a título privado polo Xefe de Estado dunha Ditadura que durou 40 anos; así como a declarada intencionalidade de converter as visitas públicas ao Pazo nunha homenaxe á figura do ditador, fan necesario formular a incorporación das Torres de Meirás ao patrimonio público, sempre, como é lóxico, respectando a legalidade vixente.

Unha incorporación que podería materializarse máis sinxelamente, en primeiro lugar, se os titulares da propiedade fixesen de ben sao Xefe do Estado de España ou a calquera outra autoridade pública: son inmediatamente incorporados ao patrimonio público.

Ante a proliferación de propostas que se están a exponer, algunha delas caótica na súa formulación, sería preciso centrar a cuestión no estudo das formas xurídicas coas que materializar esta operación de recuperación do patrimonio público.

Estas son as razón que explican a iniciativa que o Grupo Popular presenta para a súa consideración e apoio, se así se considera, dos distintos grupos representados na Corporación Local, concretada no seguinte

#### ACORDO:

O Pleno do Concello de Ares acorda:

1. Instar á Xunta de Galicia a que realice un estudo xurídico, en colaboración coas universidades galegas, que analice a posibilidade de mecanismos que, respectando a legalidade vixente, permitan incorporar ao patrimonio público a propiedade das Torres de Meirás, tamé coñecidas como Pazo de Meirás, actualmente en máns de herdeiros legais de Francisco Franco, xefe do Estado español durante os 40 anos da Ditadura, e sen que a dita incorporación ao Patrimonio Público implique un novo custo para o pobo de Galicia, que xa o asumiou no ano 1938.
2. Trasladarlle á Fundación Francisco Franco á mais enérgica condena polas súas declaracián de apoloxya do franquismo, manifestadas a través de un comunicado e por medio do seu Portavoz."

Sometida a Urxencia a Moción do Grupo Municipal do P.P., o Pleno do Concello por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.



Acto seguinte sometese a votación a Moción e o Pleno do Concello por 8 votos a favor (3 PP, 1 NAL, 1 SON DE ARES, 3 BNG) e 4 Abstención do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, acorda prestarlle a súa aprobación.

#### **PUNTO NÚM. 10.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que quedaron pendentes de responder as preguntas do pleno anterior, que si lle dan a oportunidade de contestalas as contesta agora, xa que as pode responder sen necesidade de ser reiterados porque están anotadas, si queren facer algunas nova dálles a palabra.

Aberto a Mesías quenda de rogos e preguntas, toma a palabra o Sr. Mesías Farías, e formula as seguintes preguntas:

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que na Xunta de Goberno Local do día 29 punto 3, acórdase aprobar o padrón de utilidade privativa e ocupación da vía pública con mesas e cadeiras e polo que pon xéranse 27 recibos por un total de 8806,22€ non sei si estes datos coinciden co que se recada nos parece que aquí hai algo que non cadra a pregunta é, si están xirados todos os recibos a todos os negocios que poñen terraza a nós non nos coincide o recadado co que devera coincidir e no caso de haber falta de pagamento si se lle está a reclamar a débeda pola vía adecuada a que non fai o pago.

A segunda cuestión é, no pleno do mes de maio preguntámoslle sobre aprobación de facturas por resolución da alcaldía 197/17, debido a que se estaban a pagar unhas facturas si haber un contrato e súa resposta foi que si que había contrato, pois ben mentiu, nós xa sabíamos que non había contrato vostede tamén e sen non o sabía mentiu, xa sabíamos que estaba mentindo pero agora está a constatación do feito no punto 6 da Xunta de Goberno do 4 de Setembro "Contrato menor asesoría xurídica integral en todas as alas de derecho", polo tanto estivo pagando durante nove meses por un servizo sen ter un contrato feito e agora reincido outra vez nesta cuestión, formalizase un novo contrato xa non ao Grupo NICOLAU senón a Beatriz Sestayo Avogados, polo tanto durante nove meses estivo sen contrato. Eu creo que non é serio estas reiteracións nin é serio que vostede chegue aquí ao pleno a mentir cando nós dicimos que non é así e polo tanto, pedimos seriedade e que se volva a reformular este tipo de contratos.

Toma a palabra novamente o Sr. Mesías dicindo que xa non van a facer máis preguntas porque creen que hai moitas acumuladas do mes anterior.

Intervén o Sr. Alcalde, dando a palabra ao voceira do PP.

Toma a palabra a Sra. Martínez Martínez dicindo que soamente vai formular unha pregunta, que é a seguinte, un arquitecto técnico do Concello de Ares a petición da Alcaldía, fai un informe de valoración técnica dun inmoble en Chanteiro cal é a miña sorpresa que na mesa de contratación analiza e xustifica unha baixa temeraria un arquitecto externo ao concello, entón quero que me explique a razón de isto.



Intervén o Sr. Alcalde dicindo que vai a contestar a todas as preguntas, primeiro vai a contestar as que quedaron pendentes do pleno anterior.

Empeza a responder por orden contestando primeiro as do pleno anterior.

- 1) A pregunta sobre os desbroces, no inverno non se desbroza igual que no verano xa que non temos tanto persoal.
- 2) A pregunta referente aos atascos do saneamento, antes tiñamos atascos por mal funcionamento da rede e agora son atascos puntuais como sucede na Praza da Igrexa, e como pasa en todos os pobos. Agora non hai atascos como fai 10 anos porque se foron corrixindo todos, e o mal olor ben da ausencia de chuvias, cando non chove as augas fecais fanse más sólidas e non circulan por non ter aporte de auga sediméntanse más e dan olores, a veces fanse tratamentos químicos espazados no tempo, en función do que o tratamento esixe, unhas veces dura máis e outras menos, si fai moita calor desprende olor e si as condicións atmosféricas son outras aguanta mais, e certo que na zona do Parque Rosalía hai un parque de tormentas e alí acumúlanse as augas residuais para ir a depuradora e as veces hule pero a ría esta limpia.
- 3) Seguridade na estrada de Chanteiro, en canto as condicións de seguridade estamos moi pendentes falando co vixiante da estrada e en consecuencia, mellorar esas condicións de seguridade poñendo algúns reflectantes, pero é unha obra que hai que soportar e nese sentido somos conscientes de que hai que conducir máis que nunca con moita precaución, pero si é certo que estamos encima de que se cumpran todas as condicións de seguridade.
- 4) Sinatura do tenente alcalde, pode asinar porque hai unha delegación de sinatura, teño delegada as competencias nas diferentes concellerías e cando eu non estou teñen a sinatura delegada e poden asinar.
- 5) RPT, xa vimos que está aprobada que terá uns efectos económicos para o orzamento do ano que ben e este pleno acaba de aprobar a adscrición de postos.
- 6) Multa Augas de Galicia, é polo Río de Pedros e o lavadoiro, nós pedimos permiso a Augas de Galicia para actuar sobre ese lavadoiro non estaba en boas condicións de seguridade, é certo que nos deron o permiso pero nos puxemos a facer outras cousas pasounos o verano e non nos deu tempo a facelo, pasou o tempo e o permiso caducou e cando nos puxemos a facelo nos dixerón que non tiñamos permiso porque estaba caducado e tiñamos que volver a solicitalo, o reiteramos e nolo volveron a dar pero por haber empezado a obra co permiso caducado pois Augas de Galicia meteu unha sanción encantados da vida, porque somos un concello da oposición, os concellos do PP poden facer estas cousas pero neste concello non, por ser da oposición.
- 7) Requerimentos de limpeza de fincas, hai quen os cumpre e hai quen non, que temos que reiterar e ameazando con multas coercitivas vamos conseguindo que moitas fincas de maneira voluntaria se corten, na leira obxecto da pregunta que é a do cruce ca Rúa María-Concepción Areal ante os sucesivos requerimentos non viñeron a desbrozar entón o concello tomou a decisión de desbrozar o que saía a vía pública, porque o



Código Civil habilita para facelo, dentro non podemos entrar porque está cerrada temos que seguir reiterando notificacións con multas coercitivas pero o que sae a vía pública decidimos cortalo.

- 8) Escrito presentado polo BNG sobre as ausencias no CIM, nós temos contratado a asistencia xurídica por unhas horas e esas horas non só son presenciais tamén cobren a asistencia da avogada as diferentes mulleres que fan uso do servizo e que teñen que desprazarse a Ferrol por asuntos xudiciais, en consecuencia hai que computar o total, non se poden computar soamente as horas de estar no concello porque as mulleres teñen que ir moitas veces aos xulgados entón esos desprazamentos son horas que computan no CIM non está aquí pero está en Ferrol nun xuízo cunha usuaria, en consecuencia fanse máis horas das contratadas por asistencia xurídica.
- 9) Escrito presentado o 16 de maio polo Cabo da Policía, como delegado sindical da CIG presenta un escrito dicindo que hai determinados comportamentos delituosos e que non se tomaron as medidas adecuadas que dalgunha maneira existen, iso o presenta como delegado da CIG entón, eu o cito como Cabo da Policía e como Cabo da Policía lle digo, isto que denuncias como delegado da CIG estes feitos delituosos que non adoptamos as medidas necesarias os constatas como Cabo da Policía porque como tal o tes que perseguir, como Cabo da Policía esos feitos que denuncias como delegado sindical teñen contraste obxectivo e diante do Secretario e do outro policía indirectamente aludido porque todos sabemos a quen se refería di que non, entón lle digo pero como Cabo da Policía negas o que denuncias como delegado sindical pois entón che pido que retires o escrito, porque senón levareino a fiscalía porque estás denunciando a existencia de delitos, dixo que si que retiraría o escrito pasaron dous semanas e non retirou o escrito entón trasladeino a fiscalía, un escrito no que a min me poñen e coñecemento a existencia de feitos delituosos o traslado a fiscalía como trasladei a fiscalía cando me dixerón que nuns ordenadores dun policía había cousas raras pois o mesmo trasladeino a fiscalía e o fiscal archivouno, é esta e a historia deste escrito o que o queira ver o pode ver.
- 10) Dietas e comisións de servizo dos membros do equipo de goberno, decidimos nunha resolución da alcaldía poñer o nome de todo o mundo e ao que ten dereito si van a dous plenos, comisións de governo e cantas comisión de servizo ten.
- 11) Padrón de terrazas, eu non o sei porque non o sei todo, pero teoricamente non debería deixarse montar unha terraza si levas un ano sen pagar no é xusto, este ano pos a terraza a áinda tes sen pagar a anterior non é razoable. Entón en comisión de governo falamos deste tema e decidimos ser fieis a este principio de tal maneira, que quen non pagou a terraza o ano anterior non pode montar este ano pero as montan igual, pois mandar a policía a levantar as terrazas pois non o sei porque si vos parece mal mandar a policía a coleccios ilegais pois mandar a levantar terrazas onde hai país con nenos e xente maior pois non o sei.  
Non mandamos a policía a levantar terrazas volvemos a escribir e volvemos a escribir e volvemos a escribir, en consecuencia facemos requerimentos e polo xeral a xente ben a pagar, do ano pasado solo quedan catro e montaron este ano e tampouco pagaron este ano e dicir, só hai catro que incumpriron pois esos catro para o ano que ben non



se lles vai deixar montar pero xa desde o primeiro momento non que a monte e despous levantala, desde o primeiro momento cando empece a tempada o ano que ben decirlle non pagaches os recibos dos anos anteriores e que vai a facer o ano que ben pagar un ano porque soe ser xente que solo queda a deber un ano en fin o ano que ben intentaremos non levantar a terraza, non deixala montar. Cando se fixo o padrón foi no mes de agosto e non lle vamos a levantar a terraza en pleno mes de agosto o ano que ben notificaremos en xuño e cando soliciten a terraza xa non se lle dará permiso porque deben os anos anteriores pero vamos que so son catro isto paso co resto dos padróns fiscais hai xente que tamén debe o lixo e outros outras cousas e más se sigue recollendo o lixo e dicir, isto hai que lévalo con paciencia e insistencia.

- 12) Contrato CIM, pois estas son as palabras que me dedica sempre o portavoz do BNG, por nos temos nese sentido recíproco aprecio, a pregunta que me fixo era polo CIM asinouse un contrato do CIM no mes de decembro, e vostede fixome unha pregunta directa de cando se fixo ese contrato e eu lle dixen que se fixo en decembro. O contrato do CIM se fixo en decembro e o contrato da Asesoría Xurídica non se fixo porque estaba prorrogado de facto e nese sentido tiñamos loxicamente o contrato do CIM asinado porque e vinculante para a subvención e ten que estar asinado en prazo, entón en decembro tiña que estar asinado, e ese contrato polo que vostede me interrogou directamente, porque vostede non sabia que ese contrato estaba asinado entón vostede pregunta si ese contrato xa estaba feito e eu lle dixen que si ao contrato do CIM o da Asesoría Xurídica estivo prorrogado de facto ata que asinamos outro antes a nome de NICOLAU a avogada era Dna. Beatriz Sestayo e agora e a nome da avogada Dna. Beatriz Sestayo, en canto a defensa xurídica e a miña porque o que asina aquí son eu e como Alcalde teño que asumir a responsabilidade e a min me corresponde elixir quen me defende como o Alcalde de San Sadurniño elixiu que o defenderá quen foi Secretario Xeral de Relacións Institucionais baixo o goberno na Presidencia de Pérez Touriño e na Vicepresidencia del que era o Secretario Xeral do BNG na Xunta. O Secretario Xeral de Relacións Institucionais, por certo o que veu a sustituir a D. Antón Losada e o Asesor Xurídico de San Sadurniño o es que os Alcaldes do PP teñen avogadas da CUP aquí en Ares e o dixen sempre a levaron concelleiros socialistas estivo TRIBUNALIA de onde Dna. Enma era e sigue sendo concelleira socialista en Miño, estivo Dna. Dolores que foi concelleira socialista en Valdoviño pero claro agora e Dna. Beatriz Sestayo que tamén e concelleira socialista en Ferrol, pero contra Dna. Dolores ou contra Dna. Enma nunca se dixo nada pero como Dna. Beatriz Sestayo é más mediática pois entón vamos a falar de Dna. Beatriz Sestayo que é tan concelleira socialista como Dna. Enma ou Dna. Dolores e aquí non dixestes nada, absolutamente nada, pero claro como comprenderá o Asesor Xurídico da Corporación e do Alcalde ten que ser alguén de confianza e como outros alcaldes contratan xente a fin para temas similares pois nos aquí sempre tivemos de avogadas a xente que non ten porque esconder a súa militancia porque son concelleiros socialistas, en Miño en Valdoviño e agora en Ferrol.
- 13) Xustificación baixas temerarias, imaxino que o informe o faría o que fixo o proxecto, si o proxecto que saco a licitación o subscribo ao proxecto e el como arquitecto coñece



os datos do proxecto cando hai unha baixa temeraria solémoslle dicir a quen fai o proxecto que diga si cos cartos que ofrece esa empresa se o seu proxecto se pode executar, entón ¿porque ese arquitecto extraño ao concello fixo un informe dunha baixa temeraria dunha obra? Pois imaxino que porque foi o autor do proxecto, non hai nada mellor a quen preguntarlle, seguramente noutras ocasións o pode facer un aparellador municipal, pero tamén temos que recoñecer que a veces teñen moito traballo e outras veces están de vacacións e entón nos resolvemos en dereito de acordo co marxe que nos da a lei, eu recordo co marxe que nos da a lei outros alcaldes co marxe que nos da a lei facemos contratacóns e actuacións dentro do marxe que nos da a lei e esa é a razón pola cal ese arquitecto fai o informe de esa obra.

- 14) Petición subvención do CIM, o tema e o seguinte eu chego a Alcaldía e me encontro a un Psicólogo no concello que é titulado superior e que gana moi pouco por debaixo de xente que non é titulado superior e é o Director do CIM, e o funcionario que o anterior gobernO do PP puxo de Director do CIM porque para ser o director do CIM hai que ter esa relación permanente para poder ter subvencións do CIM, el vaise di que gana pouco que quere exercer a privada e solicita unha excedencia voluntaria e nos condena a contratar permanentemente un psicólogo que o supla polo réxime de interinidad que esixe que haxa unha praza de funcionario aínda que este en excedencia. A verdade e que o tiñamos ben fácil amortizábamos a praza, e dicir lle dímos a ese psicólogo que lle amortizábamos a praza e xa podemos contratar un psicólogo permanente, nunca quixemos tomar esa decisión vaise porque gana pouco, vaise porque o soldo e pouco e lle vamos a facer o feo de amortizarlle a praza e así estivemos dez anos cada pouco tempo contratando un psicólogo ten que aprender o funcionamento do CIM coa situación de que é o único que pode ser director do CIM e en consecuencia cada psicólogo contratado asumía a dirección do CIM. A nova directora do CIM a que se contrata no mes de xuño que foi a que ganou a praza xa que aquí quen a ganaba pois a ganaba aquí tivemos psicólogos do mías variopinto e todos temos amigos psicólogos pero aquí ningún fixo carreira, que a ganaba pois a ganaba e en consecuencia había renovacións, a que estaba volveuna a gañar pero sabe que ao ano volveulle a saír e conseguiu un contrato de tres anos noutro sitio co que despois de gañar renuncia e vaise co que temos que tirar da lista de espera que é a seguinte. Problemas ca segunda da lista de espera que a habiliten na xunta, que lle dean claves para acceder a todo, efectivamente un lio que eu persoalmente nunca puiden imaxinar, en fin que esta rapaza chega e entre que lle dan as claves e lle deixan de dar as claves lle pasa o tempo de pedir a subvención do CIM , entón chama a Secretaría de Igualdade e me di que está moi desgustada porque non solicitastes a subvención do CIM, eu lle dixen como que non a min iso sentoume moi mal e lle dixen grazas por avisar o día despois se fora do PP avisabas o día anterior así mesmo o dixen porque seguramente é certo, si eu fuera un Alcalde do PP avisaríame o día anterior antes de pasar o prazo como son un Alcalde do PSOE avísame cando xa pasou o prazo pero moi ben, está no seu dereito creo que fun excesivo e o recoñezo pero foi o primeiro que pensei e intentei arranxalo fun a Santiago reuninme con ela busquei formulas e encontramos a maneira sae outra convocatoria aos tres meses e non pasa nada a



convocatoria foi en xuño a rapaza esta podía despedila por non solicitar a subvencións CIM porque se lle paga para facer ese traballo eu non son director do CIM, aquí cada funcionario ten as súas funcións eu non teño obrigación de cubrir a subvencións do CIM e nin sequera saber que prazos hai, hai un funcionario que cobra para iso non son eu, aquí cada un sabe o que ten que facer, en consecuencia eu podía despedila, isto saíu mal isto non se consinta e ante esa disxuntiva de despedila cousa que non me parecía razonable porque iso lle pode pasar a calquera chamei o psicólogo e lle dixen ou te incorporas ou te amortizo a praza non podemos estar dez anos contratando psicólogos mira o que pasou e incorporouse entón xa non tiven que despedila ao incorporarse D. José Luis. A Secretaria Xeral ante esta situación fai unha convocatoria anticipada para poder entrar, avisounos que ía a saír a convocatoria anticipada para o poder entrar xa que non uidemos na primeira convocatoria pois esas cousas pasan e o resolvemos así, incorporouse D. José Luis e o resolvemos así a vostedes non lle gusta o lle deixa de gustar foi como o resolvemos. Non despedimos a ningúén pero non vamos a resgarnos as vestiduras sabendo que a Secretaria Xeral fai unha convocatoria anticipada para resolvernos a situación cousa que lle agradezo pero lle agradecería infinitamente moito mais que houbera chamado o día antes de rematar o prazo.

E non tendo más asuntos para tratar e sendo as dous e vintecinco horas do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario-Acctal., dou fe.

O ALCALDE,



O SECRETARIO-ACCTAI

